



Estimados pais/nais, titores/as:

Este curso vólvense convocar Eleccións a Consellos Escolares como cada dous anos. Neste centro, vostedes poderán elixir a **tres** dos cinco representantes que, polo número de unidades, correspóndelle ao sector de pais/nais, titores/as (1 designado pola ANPA e 2 elixidos por votación).

Quizais é o momento de lembrarllles a importancia do Consello Escolar como órgano de xestión e control dentro da vida do Colexio reproducindo o artigo 127 da LOMCE:

*Artigo 127. Competencias do Consello Escolar.*

*O Consello Escolar do centro terá as seguintes competencias:*

- a) Avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da presente Lei.*
- b) Avaliar a programación xeral anual do centro sen prexuízo das competencias do Claustro de profesores, en relación coa planificación e organización docente.*
- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.*
- d) Participar na selección do director do centro, nos termos que a presente Lei establece. Ser informado do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, logo de acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do director.*
- e) Informar sobre a admisión de alumnos con suxeición ao establecido nesta Lei e disposicións que a desenvolvan.*
- f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais ou titores, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.*
- g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade no trato e a non discriminación polas causas a que se refire o artigo 84.3 da presente Lei Orgánica, a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia de xénero en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.*
- h) Promover a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar e informar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.*

*i) Informar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.*

*j) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.*

*k) Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa súa calidade.*

*l) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.*

**Desde o Centro animámoslles a que:**

**- PARTICIPEN presentando a súa candidatura (desde o 5 ao 15 de novembro).** Os modelos de participación facilítanse no Centro.

Para poder esixir é necesario participar, e como única obrigaición, se son elixidos, figura participar nas reunións que se convoquen do Consello Escolar (unhas cinco / seis no curso e convocadas a partir das 16:30 h.).

**- COMPROBEN que figuran no Censo de Pais/ Nais/ Titores-as e que os seus datos son correctos (desde o 5 ao 19 de novembro).** Estará exposto no taboleiro do centro.

**- VOTEN o día 24 de novembro (de 16:35 a 20:00 horas)** e traer o día da votación o DNI.

Mesón do Vento, 4 de novembro de 2021.

A XUNTA ELECTORAL